

## CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o xoves día 3 de agosto de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN: FACTOR PREZO, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN VIAIS NO NÚCLEO DE OUTEIRO (BUGALLIDO). POS ADICIONAL 1/2017.**

*En Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2018, procedeuse á clasificación de ofertas no procedemento de licitación das obras de pavimentación viais no núcleo de Outeiro (Bugallido), segundo proposta da Mesa de Contratación.*

*O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar así como ós demais participantes no procedemento de licitación.*

*Unha vez achegada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do TRLCSP, resulta procedente adxudicar o contrato de obras.*

*Figura no expediente informe de fiscalización favorable, con observacións, da Intervención Municipal, informe 301/2018 de 31 de xullo.*

*Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:*

**Primeiro.- Adxudicar o contrato de obras pavimentación de viais no núcleo de Outeiro (Bugallido) á GR Construcciones, Obras y Servicios SLU con CIF B-70.262.829, e nas seguintes condicións:**

*A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e nove mil seiscientos vinte e tres euros con vinte e tres céntimos (29.623,23.- euros) sen IVE.*

*B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a cantidade de seis mil douscentos vinte e dous con setenta e sete céntimos (6.222,77.- euros).*

*C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día da sinatura do contrato, podendo prorrogarse polo Concello se circunstancias particulares ou excepcionais así o aconsellan.*

*D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde á Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños.*

*E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.*

**Segundo.- Facultar ao señor alcalde do concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.**

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e prace do alcalde en Ames, a venres 3 de agosto de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
A primeira tenente de alcalde  
(decreto 1675/2018)  
Genma Otero Uhía

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo

